

MARÍA CASTROVIEJO E A ILLA DE ONS

Por: **Martín Almagro-Gorbea**

Académico Anticuário de la Real Academia de la Historia.
Catedrático en Prehistoria de la Universidad Complutense de Madrid

Fai xa bastantes anos que coñezo ao matrimonio formado por María Castroviejo Bolibar e Fernando Alonso Romero. Son unha parella encantadora, moi distintos e moi complementarios. Con eles sempre se pasan ratos inesquecibles e por eles sinto profundo afecto e unha gran admiración, polo que é unha honra participar nesta homenaxe impulsada pola *Asociación Cultural "Pineiróns"*, dentro do seu admirable interese por protexer e difundir a beleza e a personalidade da Illa de Ons.

Non hai espazo para facer a *laudatio* desta parella, pero quero recordar algúns detalles. A miña admiración cara ao Prof. Fernando Alonso Romero, catedrático de *Historia y Cultura de los países de habla inglesa* da Universidade de Santiago de Compostela, arranca dos meus estudos interdisciplinares sobre a etnogénesis da antiga Hispania. Ao abordar o tema das raíces celtas de gran parte da poboación hispana, unha e outra vez recorría aos seus valiosos estudos etnolóxicos, sempre enmarcados nas relacións atlánticas, nas que pasou desde estudar as navegacións apoiado en arqueoloxía experimental a profundar nas relacións culturais milenarias entre todas as terras atlánticas.

Non menor é a miña admiración por María Castroviejo Bolibar, á que debín coñecer nalgún dos congresos sobre celtas nos que participaría con Fernando. Dende entón admiro a súa finura de espírito, que reflicte unha tradición familiar admirable, dende o seu pai, José M^a Castroviejo y Blanco-Cicerón (Santiago 1909 -Tirán 1983), o seu tío Ramón Castroviejo Briones (Logroño 1904-Madrid 1987), o gran oftalmólogo español ao que se debe a formación de numerosos oftalmólogos donoso país, entre eles María, becados pola fundación que el dirixiu para a estadía formativa na súa clínica de Nova York.

Seu pai, José María Castroviejo y Blanco-Cicerón foi un gran impulsor da Cultura Galega, paixón que divulgou en multitude de artigos, libros, entrevistas e conferencias por Galicia, España, Europa e América, paixón que contaxiou e transmitiu aos seus numerosos fillos. Entre eles, merecedor dunha especial mención é Santiago Castroviejo Bolibar (1946-2009), cuxa perda choramos pois xa non está con nós. Foi Premio Nacional de Investigación e estivo especialmente vinculado á Illa de Ons, onde levou a cabo a herborización e realizou a tesina de licenciatura co estudo *La Vegetación y Flora de las islas de Ons y Onza*.

Tamén a homenaxeada, María Castroviejo Bolibar, atópase vinculada á Illa de Ons polos seus traballos sobre a medicina popular na Illa. María Castroviejo é médica – oftalmóloga, exerce a súa especialidade na súa Clínica de Santiago e no Sergas, onde é Xefa do Servizo de Oftalmoloxía no Hospital de Conxo, do Complejo Hospitalario Universitario de Santiago, dende fai décadas.

Non podo estenderme máis, pero si quero resaltar esta conxunción de tradición familiar, profunda formación cultural e amor intenso á súa terra, que é admirable en si e exemplar para toda a sociedade. Resaltar ese auténtico tesouro é a mellor homenaxe que se pode facer a María e Fernando.

Tamén parece obrigado neste contexto facer unha referencia á bela illa de Ons (*Fig. 1*). É a illa principal, a única habitable, do pequeno arquipélago de illotes e penedos situados a 4 km. da costa fronte á ría de Pontevedra. A súa superficie é de só 414 ha., pois só mide 5'9 km. de longo por 1'3 km. de ancho, cun perfil amesetado baixo, pois a súa altura máxima é o Alto do Cucorno, no Faro, de 128 msnm. Estas liñas non pretenden a súa descrición xeográfica, senón resaltar a gran personalidade desta pequena illa da costa galega do Atlántico. É unha illa que nos trae á memoria que Plinio "*el Viejo*" a cita como *insula Aunios* (Nat. Hist. 4, 11), topónimo que fai referencia aos seus habitantes, os *Aunii*, ou ao teónimo do seu Patrón e Fundador, o deus *Aunios*, do que deriva o actual nome de Ons. Este topónimo procede dunha raíz, cuxo significado se relaciona con "*humedad*", procedente dun antigo estrato lingüístico indoeuropeo, cuxo orixe se debe relacionar con xentes campaniformes chegadas ata estas terras atlánticas no III milenio a.C., das que derivan os celtas de época histórica. Dende entón a vida desenvolveuse nesta illa adaptada ao seu medio



Fig. 1 Vista aérea da Illa de Ons dende o sueste. Foto: @descubreOns

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

ambiente, o mesmo que ocorre noutras pequenas illas das costas atlánticas, dende Galicia a Bretaña e ás Illas Británicas, cuxa gran personalidade provén da común orixe das xentes celtas que as poboaron dende o III milenio a.C. con formas de vida similares adaptadas a ese medio ambiente tan específico como rigoroso. Esta personalidade compréndese aínda mellor ao valorar a historia da vida illeira en Ons. Aínda que aparecen instrumentos paleolíticos, debeu ser poboada a partir do Calcolítico e da Idade do Bronce, no III e II milenios a.C., polos *Aunios*, esas xentes proto-celtas que comentamos, que na Idade de Ferro constrúen dous castros ou aldeas fortificadas nos dous extremos da illa. Costa imaxinar como se podería sobrevivir neles, como ocorre nos pequenos castros da illa de Arán, na costa occidental de Irlanda, aos que recordan. Un é o *Castelo dos Mouros* na aldea de Canexol, na parte meridional, e outro está en *A Cova da Loba*, na parte setentrional. En época romana a illa debeu quedar semiabandonada, pois os restos romanos son escasos, como ocorre na Idade Media, aínda que a Laxe do Crego (“Lastra del Clérigo”) é un sarcófago antropomorfo (Fig. 2), que puido pertencer a algún eremita de prestixio refuxiado na illa, como os que buscaban a soidade noutras illas galegas e das costas atlánticas. En 899 Ons era propiedade de Alfonso III, que a doou ao arcebispado de Santiago de Compostela. No século XVI pasou a propiedade privada, ata que en 1943 foi expropiada e, tras ser transferida á Xunta de Galicia en 1982, actualmente forma parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Ao longo da historia, o atractivo da illa viuse contrapesado por períodos de abandono a causa de ataques marítimos e fortes fames. Ao chegar o século XX a poboación aumenta, pois pasou de 300 persoas en 1900 a un máximo de 530 en 1955, para decaer a 16 en 1975 ata quedar practicamente despoboadas. As causas deste despoboamento as sinalan María e Fernando no seu estudo: *El aislamiento geográfico y las duras condiciones de vida de sus habitantes. Viviendas sin energía eléctrica durante muchos años, ausencia de puerto adecuado, de ficiente atención médica, y finalmente la ausencia definitiva del maestro*. Esta situación variou grazas ao forte auxe turístico dos últimos anos, que alcanzou máis de 50.000 visitantes anuais. Este feito contribuíu a mellorar a calidade de vida e estabilizou a poboación en torno ás 70-80 persoas, pero ao mesmo tempo supuxo unha ruptura nas formas de vida, como ocorre en toda a *España vaciada*, co abandono acelerado das tradicións, que algunhas eran en Ons tan antigas como o seu topónimo de época campaniforme.

As xentes de Ons vivían da pesca como actividade principal, que vendían en terra firme, pero cultivábase centeo, trigo, fabas e hortalizas, tras as faenas de pesca e con gran apoio das mulleres. En Ons non hai ríos, só regatos estacionais, pero 9 fontes e 7 mananciais daban auga potable ás pequenas aldeas da illa, que ten un clima soleado e temperatura suave, aínda que con precipitacións elevadas (1200 mm), pero é ventoso, moi húmido e desagradable os meses de inverno. Unha illa tan reducida, pouco poboada e de tanta personalidade conservou o seu medio ambiente, pero tamén lendas, crenzas e costumes ancestrais de gran interese, dende supersticións sobre o *mal de ollo*, a *Santa Compañía*, que chega á illa pola *Punta Centolo* dende *Noalla* en *Sanxenxo* e desaparece no cemiterio camiño do *Máis Alá*. Outro punto “sobrenatural” é o *Buraco do Inferno*, unha entrada ao inframundo propiciada pola pareidolia acústica que producen as ondas ao golpear, que soan como queixumes das almas do inferno; é unha entrada mítica ao *mundos dos mortos* defendida por un touro de cornos de ouro, que, como lugar máxico, tiña virtudes curativas, pois a auga do mar ao golpear as paredes da cova produce unha espuma esbrancuxada que a xente denominaba “*leche de luna*” que era utilizada para curar febres e males da pel.

As características socio-histórico-etnográfico-naturais tan específicas da Illa de Ons atraeron a profunda intuición humanística e investigadora de María e de Fernando, enraizada na súa ampla cultura e no seu profundo amor a Galicia. Esa conxunción de factores plasmouse en dous estudos de especial interese: un, de María Castroviejo, *Medicina Popular en la Isla de Ons*, no tomo XXXV dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, fascículo 100, de 1984-85, e outro asinado conxuntamente, *Antiguas prácticas tradicionales de la Isla de Ons relacionadas con el embarazo y parto*, publicado no *Anuario Brigantino* nº 27, do ano 2004. Vale a pena analizar algunhas das ideas destes traballos en homenaxe aos seus autores e á personalidade da Illa de Ons, como aportación ao magnífico labor da Asociación Cultural “PineirÓns”. Son dúas publicacións distintas, con anos de diferenza, pero ambas tratan un tema esencial en toda sociedade: a saúde e a reprodución, que constitúen as máximas preocupacións dende a Prehistoria ata os nosos días segundo evidenciaron os ritos asociados ás penas sacras, un novidoso campo de estudo que recentemente analizamos en colaboración con Fernando.

A primeira das publicacións enmárcase na Medicina Popular. Diversas definicións axudan a encadrar o tema, como as recollidas por Pilar Montero ao estudar a medicina popular en Madroñera, Cáceres. É un *conjunto de concep-*



Fig. 2 Tumba antropomorfa coñecida como Sartego do Abade.

Foto: Isaac González García

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

ciones y creencias populares, sin base científica crítica, relativas a la enfermedad y a su tratamiento no Diccionario Enciclopédico Salvat Universal (tomo XIV), *prácticas supersticiosas y de la magia como misteriosos auxiliares de la medicina* no Diccionario Enciclopédico Informator-9 (tomo V), Jesús Taboada fala de *recetas baratas y caseras (...), ensalmos y conjuntos de sentido mágico y esotérico y oraciones de tipo religioso* e para José Pérez Vidal é a *raíz y principio, en no escasa medida, del arte académico del curar*. Todas estas definición conciben a medicina popular como unha medicina de crenzas, na que perduran vellos ritos, pois os remedios caseiros e as prácticas máxicas pervivían con plena vixencia ata o último terzo do século XX, coa característica de que os seus remedios transmitíanse por vía oral. O feito máis interesante da “Medicina Popular”, en ocasións sobreentendido e que moitas veces soe pasar desapercibido, é a súa profunda relación coa cosmovisión de quen a practica, pois, xunto ás crenzas relixiosas, soen ser os elementos máis permanentes cunha cultura; é máis, son elementos de *longa duración* no máis profundo sentido desa acertada expresión acuñada por Fernand Braudel, pois transcenden os cambios históricos e culturais. Esa relixión popular, na que está enraizada a medicina popular, responde aos problemas esenciais da humanidade: a fecundidade e a saúde para a continuidade da especie e da vida, a propiciación dos *númenes* ou seres espirituais, non visibles fisicamente, cuxos efectos crese percibir no que nos sucede, e a propiciación do tempo para a boa navegación e a colleita a fin de que non falte o alimento.

Estas preocupacións son propias dunha cosmovisión de orixe prehistórico, que non variou en milenios e que practicamente perdurara ata o repentino cambio do último cuarto do século XX. Por tanto, estas tradicións de Medicina Popular, recollidas tan oportunamente por María e Fernando, son testemuños históricos de gran valor, pois testemuños parecidos podería ter collido Plinio se se interesara por estes aspectos esenciais da cultura. É máis, se de repente apareceran os libros sobre a *Keltiké* da perdida *Geographia* do gran polígrafo grego Poseidonios, probablemente tampouco entraría nestes aspectos tan vitais, pois nin sequera os especialistas en Historia Antiga e en Arqueoloxía souberon valorar a importantísima información que proporcionan estas tradicións ancestrais. Menosprezadas polo home urbano como “supersticións” para impoñer visións máis modernas e eficaces, estas tradicións populares constituían verdadeiras “supervivencias” de tempos e culturas ancestrais. De aí o extraordinario interese que hoxe teñen, como o expresaba, con profética clarividencia, María Castroviejo ao iniciar o seu estudo (Fig. 3) *debe hacerse una llamada de urgencia hacia todos los interesados en temas de etnografía, y no digo esto con la intención de darle a este trabajo más importancia que la que tiene, pero sí de hacer ver, que hoy [1984] no sería posible hacerlo de no haber recogido estos datos hace ocho años, pues por desgracia algunas de las personas que han colaborado conmigo refiriéndome sus conocimientos con toda generosidad, hoy se han muerto y de las restantes, todas sobrepasan la edad de sesenta años. La urgencia se debe pues a que, desaparecida esa generación, también desaparecerán con ella todos sus conocimientos y saberes que ya no “heredan ni aprenden” las generaciones actuales*. Non se pode explicar mellor a importancia do seu traballo nin a perda que supuxo para a Historia e a Cultura as tradicións que en tantos outros lugares non se chegou a recoller.

Tras unha breve, pero moi brillante introdución (A), con boas referencias á xeografía, a demografía a vivenda e as formas de vida, o traballo ofrece un desenvolvemento expositivo para dar a coñecer os datos documentados: actitude ante a enfermidade (B), -apartado de gran interese psicolóxico e sociolóxico que transluce a boa formación profesional da súa autora-, e prácticas medicinais na illa (C), que, loxicamente, é a parte máis extensa. Nela abórdase a importancia das plantas medicinais, as súas formas de recolección e emprego, outros produtos utilizados nesta medicina, as enfermidades tratadas con remedios populares, a curación dos animais e finalmente os ensalmos. De María Castroviejo é de agradecer o rigor dos seus traballos sobre as plantas medicinais da Illa de Ons. Para iso identificou cada unha co seu nome culto sinalado xunto ao nome vulgar, grazas á inestimable axuda do seu irmán Santiago, (Tatayo) que contribuíra nos anos precedentes o coñecemento da flora da illa. A posibilidade de que calquera persoa, poida identificar inequivocamente cada planta, evita erros de interpretación e permite comparar os datos no contexto dunha análise científica.

Non pretendemos glosar o artigo, pero si queremos destacar a confusión que para o home actual supón a coexistencia e mestura de remedios da farmacopea primitiva, de eficacia empírica comprobada durante milenios, con outros remedios “máxicos” que proceden do imaxinario popular sen ningunha base científica. Esta medicina popular



Fig. 3 María Castroviejo con Eugenia, a informante illeira de moitos remedios. Foto: Fernando Alonso

queda fóra da nosa forma racional de entender o mundo, pois ofrece connotacións “máxicas” dende o noso punto de vista, pero era coherente para a visión do mundo de quena practicaban, pois os fenómenos que non podían coñecer por falta de capacidade científica, como a enfermidade ou a morte, atribuíanse a influencias numínicas invisibles, que había que neutralizar con remedios e ritos “máxicos”. Por tanto, esta mestura de características naturais e máxicas da medicina popular responde a unha forma prerracional de entender o mundo e a natureza, anterior á nosa actual concepción baseada no coñecemento científico e no raciocinio lóxico. Por iso, resulta “anacrónico” pretender comparar os nosos coñecementos actuais co imaxinario e a cosmovisión popular, xa que estes proceden da concepción sobrenatural e “máxica” que da vida e do mundo tiñan as xentes celtas que habitaron antigamente Galicia, visión que perdurará durante séculos coexistindo en paralelo coas crenzas cristiás da Igrexa e cos avances científicos dos últimos séculos.

A publicación no *Anuario Brigantino* dá a coñecer as prácticas sobre o embarazo e o parto na Illa de Ons recollidas no verán de 1978, cando a súa poboación aínda vivía practicamente illada durante case todo o ano. Ademais, engaden o interesante testemuño aportado pola primeira matrona diplomada que exerceu a súa actividade profesional en Bueu e na Illa de Ons dende 1957 ata 1977, que son os anos da última xeración antes de que se despoboara a illa. A Illa de Ons carecía de todo servizo médico ao que hai que engadir a dificultade que tiña un enfermo para ir a terra para acudir ao médico, pois a única comunicación eran as dornas, as embarcacións tradicionais de pesca impulsadas a vela ou a remo, dificultades de navegación que aínda se acrecentaban en inverno. Por estas circunstancias, a poboación insular mantiña as súas prácticas ancestrais de curación de enfermidades transmitidas de xeración a xeración por tradición oral, o mesmo que os coidados para o parto, para o que se recorría a *remedios baseados fundamentalmente en <plantas medicinais>; ás que se atribuían propiedades curativas*, ademais de practicarse ritos e actuacións “máxicas” para mellorar e acelerar o parto. Os partos eran atendidos por mulleres insulares expertas nas prácticas tradicionais, chamadas *parteiras*, que eran respectadas por todos os habitantes da illa, pois os seus coñecementos eran moi valorados. Como sinala a Dra. Castroviejo, *o parto en Ons era moi parecido ao doutros moitos lugares de España e de Europa*, pois ata o século XX mantivéronse prácticas propias, típicas da medicina tradicional, fundamentadas en crenzas ancestrais, en especial nas xentes que vivían xeograficamente illadas e que mantiñan os seus particulares costumes e formas de vida, baseadas nunha experiencia secular, aínda que cada vez contrastaban máis cos coñecementos médicos e os avances técnicos e científicos que xa eran habituais nas cidades próximas. Algúns exemplos bastan. *Usaban unha pel de serpe para mellorar o parto*, feito documentado noutras partes de Galicia, posiblemente polo carácter ctónico deste animal asociado á Deusa Nai dende época megalítica, aínda que tamén Plinio menciona que a pel de muda dunha serpe colocada baixo os riles facilitaba o parto (Hist. Nat. 30,129). Outro costume, estendido tamén por outras zonas de Europa, era colocarse un *sombreiro ou algunha prenda do marido para fivorecer o parto*, mentres que para aliviar os dores de ovarios e de matriz despois do parto *bañábase á púérpera nunha tina con auga temperada (Figs. 4a,b,c), na que se fervera malva (Malva silvestris), malva rosa (Geranium cultivado), malva de lor (Geranium), ruda (Ruta chalepensis ou Ruta mantana) e parietaria (Parietaria diffusa)*. Xunto a estas tradicións de tanto interese, apoiadas no artigo por moi suxestivos paralelos etnográficos, a segunda recolle e analiza as experiencias e datos de María Eugenia Bolibar Sequeiros (Bueu, 1907-Bueu 2003), (Fig. 5) tía de María, que foi a primeira matrona diplomada da Seguridade Social que exerceu a súa profesión na illa a partir de 1957, o que supoñía o primeiro paso cara ao necesario cambio. É moi ilustrativa a narración da proeza de ir á illa no inverno a bordo dunha pequena embarcación e sen un porto adecuado para atracar, pois para desembarcar *con mal tiempo, cuando los vientos y temporales azotaban con fuerza sus costas, era necesaria la participación de muchos isleños, ya que los pescadores manteniendo sus dornas casi unidas <borda contra*




Fig. 4a Malva (*Malva silvestris*)



Fig. 4b Ruda (*Ruta chalepensis*)



Fig. 4c Parietaria (*Parietaria diffusa*)

As plantas medicinais das fotos, tras ferverlas, a auga utilizábase para un baño de alivio despois do parto

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

borda> debían prolongar la longitud del espigón del pequeno puerto. Por iso, é tamén emotivo como, ao desembarcar na illa, os parentes e veciños saían a recibila e acompañábana ata a casa, na que soía quedarse uns días vixiando o desenvolvemento do período puerperal, ata que o tempo lle permitía volver a Bueu.

Non podemos analizar con detalle os importantes datos recollidos, pero de novo chamamos a atención sobre o interese arqueolóxico dalgúns deles, xa que son extrapolables ao pouco que sabemos da demografía protohistórica. Este estudo resalta a concentración dos nacementos nos meses de agosto, setembro e decembro (>10) e tamén informa da idade das nais, que xeralmente eran moi novas, pois no período 1967-1977 houbo 64 partos de mulleres de 16 a 25 anos, 30 de mulleres de 26 a 36 anos e só 4 de mulleres de 36 a 42 anos, datos que tanto contrastan coa actualidade e que animan a contrastalos coa esperanza de vida para comprender por que, a pesar do incremento demográfico, a illa quedou practicamente deserta. Como reconece no artigo, *María Eugenia Bolibar prestaba unha axuda sen prezo nos momentos críticos do parto, que aliviou moitos padecementos e salvou moitas vidas, tarefa humanitaria que contou sempre coa xenerosa colaboración dos insulares* (Fig. 6). Son páxinas da verdadeira historia da vida da xente de Ons, que quedaron plasmadas para sempre.

E finalizo estas notas de homenaxe a María e Fernando, no nome da Asociación Cultural “PincirÓns” e de todos os que temos o gusto de coñecelos, con outro parágrafo ao final do seu artigo, que remarca a importancia das tradicións conservadas nesta pequena illa galega: *Frente a determinados momentos críticos de la vida, como el parto, los isleños de Ons se vieron en la necesidad de utilizar y conservar, durante muchos años, unas prácticas de medicina popular de remoto origen. Las principales bases de su terapéutica, fueron no sólo las propiedades medicinales de las plantas que utilizaban, sino también la práctica de ritos cuyos orígenes se remontan, en algunos casos, a la época romana. Aparentemente eran ritos carentes de racionalidad, sobre todo si los juzgamos con la visión de la medicina actual, pero respondían a la necesidad de una psicoterapia fundamentada en la impresión que producían a la madre que iba a dar a luz.*

Como o artigo antes comentado —e aínda máis se cabe—, aproxímanos, con aguda visión médica, ao verdadeiro significado da medicina popular, tan profundamente arraigada na vida e na mente dos insulares de Ons, aos que María e Fernando dedicaron estes traballos, que son unha mostrada súa intelixencia e sensibilidade ao servizo do seu gran amor a Galicia. Por iso, son un estímulo para todos, máis neste sentido homenaxe en recordo das súas vivencias na Illa de Ons.



Fig. 5 De esquerda a dereita: María C., a súa nai e M^a Eugenia Bolibar Sequeiros. Foto: Fernando Alonso



Fig. 6 Sra. Rosa, muller do carpinteiro de ribeira “Cachote”. Última parteira illeira.
Foto: Colección Tino Pardellas